

Resolución do 13 de xuño de 2007 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e tramitación ordinaria, para a contratación da asistencia para a redacción do proxecto sectorial e do proxecto de urbanización do parque empresarial da Barbanza (concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal). (Expediente IGVS06-07).

1. Entidade adxudicadora.

Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: traballos de consultoría e asistencia consistentes na redacción do proxecto sectorial e proxecto de urbanización do parque empresarial da Barbanza (concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal). (Expediente IGVS06-07).

Prazo de execución: ata o 15 de decembro de 2007.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: setecentos cinco mil seiscentos noventa e catro euros (705.694,00 €) IVE incluído.

5. Garantías.

a) Provisional: 2% do orzamento de licitación.

b) Definitiva: 4% do importe de adjudicación.

6. Requisitos específicos do contratista.

Solvencia económica e financeira e técnica e profesional: as exixidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

7. Obtención de documentación.

-Os pregos de cláusulas administrativas particulares e as prescricións técnicas polos que deberá rexerse a contratación poderán recollerse durante o prazo de presentación de proposicións en:

-Dirección Técnica de Solo do IGVS.

Enderezo: Área Central. Polígono das Fontiñas s/n. Santiago de Compostela 15707.

Teléfono: 981 54 19 53.

-Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=8314>

8. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ao modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da

sede dos servizos centrais do IGVS (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14.00 horas do día 6 de agosto de 2007.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da devandita oferta mediante telegrama ou fax (nº 981 54 16 00) o mesmo día.

9. Posibilidade de variantes.

Non se admiten.

10. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) do día 17 de agosto de 2007

11. Gasto do anuncio.

O importe dos anuncios será por conta do adxudicatario.

12. Data de envío deste anuncio ao *Diario Oficial da Unión Europea*: 13 de xuño de 2007.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2007.

Teresa Táboas Veleiro
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 5 de xuño de 2007, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia o concurso público para a contratación da subministración sucesiva de reactivos e o alugamento de equipos para a determinación de hemoglobina glicosilada, mediante procedemento aberto e ordinario AC-CHS1-07-047.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle foron delegadas conforme o establecido na Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) da Consellería de Sanidade, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve convocar o seguinte concurso público:

1. Obxecto: subministración sucesiva de reactivos e alugamento de equipos para a determinación de hemoglobina glicosilada.

2. Orzamento estimado: 156.960 €, IVE incluído.

3. Garantía provisional: 2% do orzamento de licitación.